

BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CELEBRADA O DÍA 01 DE FEBREIRO DE 2008.

Na Casa do Concello de Silleda, sendo as **TRECE HORAS E CUARENTA MINUTOS** do día **UN DE FEBREIRO DE DOUS MIL OITO**, baixo a Presidencia da Sra. Alcaldesa **D^a. PAULA FERNANDEZ PENA**, reúnese a Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria, de primeira convocatoria, coa asistencia dos señores tenentes de Alcalde **DON MANUEL CUIÑA FERNANDEZ** e **D^a OFELIA REY RECIMIL**, e os concelleiros **D^o JAVIER CUIÑA MACEIRA** e **M^a MARÍA DOLORES GARCÍA TROITITÑO** e da Secretaria da Corporación **DONA BERTA ALONSO SOTO**.

A Sra. Alcaldesa declara aberta a sesión que se desenvolve conforme á Orde do Día seguinte:

1^o.- ACTAS ANTERIORES.-

2^o.- ESCRITOS E COMUNICACIÓNS.-

3^o.- CONTRATACIÓN.-

4^o.- SUBVENCIONS.-

5^o.- URBANISMO.-

6^o.- INTERVENCIÓN.-

ROGOS E PREGUNTAS.-

1^o.- ACTAS ANTERIORES.-

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade, acorda aproba-la acta correspondente ás sesións do 19 e 28 de decembro de 2007.

2^o.- ESCRITOS E COMUNICACIÓNS.-

2.1.- Escrito de D^o José Luis Rivas Ramos, en calidade de Presidente da Asociación de Empresarios do Polígono Empresarial Área-33 de Silleda, Rexistro de Entrada n^o 520, de data 01 de febreiro de 2008, solicitando contenedores de lixo, cartón, plástico e vidro, así como revisión do alumeadado do parque na súa totalidade.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda dar traslado deste escrito o Concelleiro de Medio Ambiente e departamento de electricidade.

2.2.- Escrito de Dº José Luis Rivas Ramos, en calidade de Presidente da Comisión Xestora da Comunidade de Propietarios Área-33, Rexistro de Entrada nº 521, de data 01 de febreiro de 2008, revisión do alumeado do polígono e colocación de mais puntos de recollida de lixo, recollida selectiva de lixo e orgánica.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda dar traslado deste escrito o Concelleiro de Medio Ambiente e departamento de electricidade.

2.3.- Escrito da Dirección Xeral de Montes e Industrias Forestais - Consellería do Medio Rural, Rexistro de Entrada nº 380, de data 25 de xaneiro de 2008, solicitando cartografía do planeamento urbanístico do Concello en formato dixital, para empregar cos sistemas de información xeográfica con motivo da elaboración dos Plans de prevención e defensa contra os incendios forestais.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda remitir este escrito o departamento de urbanismo para que se proceda a facilitar a documentación solicitada.

2.4.- Escrito de Augas de Galicia - Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, Rexistro de Entrada nº 377, de data 25 de xaneiro de 2008, expediente DH.A36.12729 a nome de Grupo JCA Hormigones, S.A., remitindo resolución de data 17 de xaneiro de 2008, pola que se declara a Grupo JCA Hormigones S.A. desistido da súa solicitude de concesión do mencionado expediente e arquivo das actuacións.

A Xunta de Goberno Local queda enterada deste escrito.

2.5.- Escrito de Augas de Galicia - Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, Rexistro de Entrada nº 323, de data 22 de xaneiro de 2008, expediente DH.B36.13067 a nome de Dº Jesús Sánchez García, remitindo resolución de data 16 de xaneiro de 2008 pola que se concede o dereito ó uso privativo dun pozo situado na parcela 4, polígono 39, referencia catastral 36052A039000040000KE, no lugar de Senra, 17, parroquia de Escuadro (Silleda), cun caudal medio equivalente de 0,01 litro/segundo, con destino a uso doméstico e rega.

A Xunta de Goberno Local queda enterada deste escrito.

2.6.- Escrito de Augas de Galicia - Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, Rexistro de Entrada nº 355, de data 23 de xaneiro de 2008, expediente DH.B36.10851 a nome de Dº Ramón Sánchez Brea, remitindo resolución de data 15 de xaneiro de 2008 pola que se concede o dereito ó uso privativo dun pozo situado na parcela 8, polígono 703, referencia catastral 36052A008007030000KF, no lugar de Letros de Arriba, parroquia de Manduas (Silleda), cun caudal medio equivalente de 0,02 litro/segundo, con destino a uso doméstico e rega.

A Xunta de Goberno Local queda enterada deste escrito.

2.7.- Escrito do Servizo de Promoción do Emprego, Delegación Provincial da

Consellería de Traballo, Rexistro de Entrada nº 325, de data 22 de xaneiro de 2008, remitindo resolución pola que se declara concluído o procedemento e ordenar o arquivo do expediente TR351A-355-5 do servizo Xestión Turística de Carboeiro e outras zonas turísticas.

A Xunta de Goberno Local queda enterada deste escrito.

2.8.- Escrito da Subdelegación do Goberno de A Coruña - Área de Fomento, comunicando a colocación dunha placa identificativa neste Concello das coordenadas xeodésicas, dentro do “Proyecto Nacional de Referenciación Geográfica Municipal”.

A Xunta de Goberno Local queda enterada deste escrito.

2.9.- Escrito de Explotación Minera de Campomarzo S.A., Rexistro de Entrada nº 313, de data 21 de xaneiro de 2008, remitindo os rexistros do programa de control e vixilancia do Depósito de Residuos Inertes de Construcción e Demolición, correspondente o ano 2007.

A Xunta de Goberno Local queda enterada deste escrito.

2.10.- Escrito de Espina&Delfín S.L., Rexistro de Entrada nº 314, de data 21 de xaneiro de 2008, remitindo análise de control da auga correspondente a saída do depósito de Maceiraboa (Bandeira), sendo realizada a toma en data 08.01.08, e con resultado de auga apta para o consumo con non conformidade.

A Xunta de Goberno Local queda enterada, e acorda remitir este escrito ó departamento de fontanería.

2.11.- Escrito da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural - Consellería de Cultura e Deporte, Rexistro de Entrada nº 397, de data 25 de xaneiro de 2008, remitindo informe de data 22 de xaneiro de 2008 no que se indica que co obxecto de poder avaliar axeitadamente a solicitude de realización de obras de sinalización dunha ruta do románico en varias igrexas de Trasdeza (Silleda), deberase presentar unha nova proposta na que se revise o deseño do panel informativo e na que se propoña para cada unha das igrexas o punto no que se vai a instalar e o sistema de fixación.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda dar traslado deste escrito o Concelleiro de Medio Ambiente e Turismo.

2.12.- Escrito de Espina & Delfín S.L., Rexistro de Entrada nº 238, de data 16 de xaneiro de 2008, remitindo relación de abonados do servizo municipal de augas que teñen recibos pendentes de pago, correspondentes ó 1º, 2º e 3º trimestre do ano 2007, polo que comunican ó respecto de que non existir obxeción, continuarase cos trámites para que de acordo co disposto na lexislación vixente, ultimar os pertinentes expedientes de corte do suministro.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda solicitar a Espina & Delfín S.L. que comunique a esta Xunta de Goberno Local si os impagados que figuran na relación foron notificados con carácter previo.

2.13.- Escrito da Autopista Central Gallega C.E.S.A., Rexistro de Entrada nº 288, de data 18 de xaneiro de 2008, solicitando información sobre o servizo de recollida de animais supostamente abandonados co que conta este Concello.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda informar que na actualidade este Concello carece de tal servizo.

2.14.- Escrito de Augas de Galicia - Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, Rexistro de Entrada nº 326, de data 22 de xaneiro de 2008, remitindo informe da auditoria realizada pola consultoría Adantia, S.L.-ATC, S.A. sobre a Estación Depuradora de Augas Residuais de Silleda.

A Xunta de Goberno Local queda enterada deste informe e acorda dar traslado do mesmo o departamento de fontanería.

2.15.- Escrito da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural - Consellería de Cultura e Deporte, Rexistro de Entrada nº 276, de data 18 de xaneiro de 2008, remitindo resolución pola cal se autoriza ó arqueólogo Dº Andrés Bonilla Rodríguez a realización do proxecto de control arqueolóxico das obras de restauración do Mosteiro de San Lourenzo de Carboeiro - 3ª Fase e Basílica e Adro Norte (Silleda).

A Xunta de Goberno Local que enterada deste escrito.

2.16.- Escrito da Consellería de Innovación e Industria, Rexistro de Entrada nº 320, de data 22 de xaneiro de 2008, remitindo resolución do Instituto Galego de Consumo, de data 16 de xaneiro de 2008, pola que se denega a subvención ao Concello de Silleda ao abeiro da resolución do 16 de abril de 2007 pola que se convoca e regula a concesión de subvencións as entidades locais para actividades relacionadas coas oficinas de información, aos consumidores para o ano 2007.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda dar traslado deste escrito ó Axente de Desenvolvemento Local do Concello.

2.17.- Escrito de UTE Docarbo, Rexistro de Entrada nº 404, de data 25 de xaneiro de 2008, comunicando que a partir do día 28 de xaneiro virá a obra “Corredor Norte Noroeste de Alta Velocidad. Eje: Ourense-Santiago. Tramo: Lalín-Santiago. Subtramo Silleda (Carboeiro)-Silleda (Dornelas)”, as autocimbras dos viaductos de Covas e Os Besteiros, e que accederán a obra tanto por camiños de obra como municipais.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda dar traslado deste escrito ó Concelleiro de Medio Rural.

2.18.- Escrito da Delegación Provincial da Consellería de Innovación e Industria, Rexistro de Entrada nº 490, de data 31 de xaneiro de 2008, autorizando o funcionamento do eelvdador de persoas do concello, e inscribir a instalación referenciada co nº de R.A.E. 15643 e nº de expediente IN605A2008/26-5.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda dar traslado deste escrito ó departamento de electricidade.

2.19.- Dase conta da carta do director xeral de Estruturas e Infraestruturas Agrarias relativo ás obras de Mellora da infraestrutura viaria en Barradaos e Pena (Saidres), Lama-Rañadoiro, Candao-Altamira-Rendo e outras, de data 30 de xaneiro de 2.008

O Concello de Silleda ante a notificación efectuada pola Consellaría do Medio Rural, de realizar con cargo ós seus orzamentos as obras de infraestrutura rural consistente en Mellora da infraestrutura viaria en Barradaos e Pena (Saidres), Lama-Rañadoiro, Candao-Altamira-Rendo e outras, manifesta a súa aceptación á execución da mesma en réxime de cooperación e comprométese a:

- Poñer a disposición da Consellaría do Medio Rural, libre de cargas e gravames, todos os terreos necesarios para a normal execución das obras, así como os correspondentes permisos e autorizacións necesarias para levar adiante a mesma.

- Renunciar a calquera clase de tributo ou taxa por mor das obras.

- Continuar asumindo, despois da recepción das obras e previa comunicación do órgano da Comunidade Autónoma, a súa explotación, mantemento e conservación.

- Facultar, á Sra. Alcaldesa-Presidenta para a sinatura do correspondente Convenio de Cooperación.

3º.- CONTRATACIÓN.-

3.1.- Dase conta do escrito presentado por D^a Beatriz Silva García, en representación de COESCO, Rexistro de Entrada nº 475, de data 30 de xaneiro de 2008, solicitando a devolución da garantía definitiva do contrato de servizo de impartición do curso de telefonista-recepcionista de oficina realizado pola mencionada empresa.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda proceder a devolución deste aval.

3.2.- Dase conta da certificación nº Dous e Liquidación presentada por Fernando Pena Caramés, Rexistro de Entrada nº 422, de data 28 de xaneiro de 2008, correspondente á execución da obra denominada “Saneamento Rúa Xeral de Bandeira - 3ª Fase” do PAM 06-08 (anualidade 2008), asinada polo Arquitecto Técnico Director das obras D^o José Varela Calvo, en data 21 de xaneiro de 2008, e que ascende a un importe de 18.385,00 □□□, así como Acta de Recepción e a factura nº 3 de 21.01.08, correspondente a esta certificación.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda prestar aprobación á certificación nº Dos e Liquidación da obra “Saneamento Rúa Xeral de Bandeira - 3ª Fase” do PAM 06-08 (anualidade 2008), que ascende a un importe de 18.385,00 □□□, así como Acta

de Recepción e a factura anteriormente mencionada.

3.3.- Dase conta do proxecto denominado “Humanización de los núcleos de Silleda y Bandeira”, redactado polo arquitecto técnico municipal D. José Antonio Presas Ferreiro, de data outubro de 2.007, que ten por obxecto dotar e contribuir a mellora estética dos núcleos dentro do Plan de Mellora Urbana.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

1.- Aprobar o Proxecto denominado “Humanización de los núcleos de Silleda y Bandeira”, redactado polo arquitecto técnico municipal D. José Antonio Presas Ferreiro, en virtude da delegación efectuada mediante acordo plenario de 13 de xullo de 2.007.

2.- Remitir o proxecto á Delegación Provincial da Consellería de Vivenda e Solo.

3.4.- “Acondicionamiento y Mejoras de calles y arreglo de viales” PAM/06-07-08.

Visto que o proxecto denominado “Acondicionamiento y Mejoras de Calles y Arreglo de Viales”, confeccionado polo Arquitecto Técnico Dº José Pereiras Sánchez, cun orzamento total de execución por contrata de 66.000,00 € (Iva incluído) aprobouse pola Xunta de Goberno Local deste concello en data 27 de decembro de 2006.

Visto que en sesión do 12 de xaneiro de 2007 a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares desta obra, así como o expediente de contratación, dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación, convocando concurso.

Visto que o concurso quedou deserto.

Considerando que a adopción deste acordo é competencia da Xunta de Goberno Local, por delegación efectuada polo Alcaldesa, mediante Decreto de 06 de Xullo de 2007.

Esta Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda iniciar novamente o procedemento aberto de contratación, mediante a forma de concurso, e declarar de tramitación urxente o expediente de contratación, con redución dos prazos ordinarios a metade, de acordo co establecido no artigo 71 do TRLCAP. Débese incorporar ó mesmo, de conformidade cos artigos 67 do TRLCAP e 138 do Regulamento da Lei de Contratos das Administracións Públicas:

- Prego de Cláusulas Administrativas particulares.
- Informe de fiscalización da Intervención.
- Informe de Secretaría.

4º.- SUBVENCIONES.-

4.1.- Escrito da Excma. Deputación Provincial de Pontevedra, Rexistro de Entrada nº

375, de data 25 de xaneiro de 2008, remitindo resolución pola que se presta aprobación á certificación núm. 2-Final da obra nº 631 do POL/06 denominada “Saneamiento Urbanización Calle Santa Eulalia”

A Xunta de Goberno Local queda enterada deste escrito.

4.2.- Escrito da Excm. Deputación Provincial de Pontevedra, Rexistro de Entrada nº 306, de data 21 de xaneiro de 2008, remitindo resolución pola que se presta aprobación á certificación núm. Uno-Final da obra nº 184/121 do PAM/05 denominada “Centro Cultural de Pazos”

A Xunta de Goberno Local queda enterada deste escrito.

4.3.- .- Dase conta da Orde de 28 de decembro de 2.007 pola que se anuncian axudas económicas destinadas a subvencionar a realización de infraestructuras de uso público en ámbitos urbanos e rurais, por parte dos Concellos de Galicia, publicada no DOGA nº 1, do 2 de xaneiro do 2.008.

Visto o disposto na mesma, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

1.- Aprobar as obras e equipamentos que se van a realizar, que constan no proxecto denominado “Proyecto integral de mejoras de espacios urbanos y dotación de parques” de data xaneiro de 2.007

2.- Aceptar as condicións de financiamento e demais requisitos establecidos na referida Orde.

4.4.- Visto que por parte do goberno municipal quérese promover a ampliación do auditorio Manuel Dopazo de Bandeira, ós efectos de dotar a esta instalación de maior espazo para novas dependencias, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

1.- Solicitar á Excm. Deputación Provincial de Pontevedra a concesión ó Concello de Silleda de axuda económica para a realización das obras de ampliación do auditorio Manuel Dopazo de Bandeira.

2.- Remitir, a estes efectos, á Excm. Deputación Provincial de Pontevedra a documentación relativa a devandita obra.

4.5.- Visto que por parte do goberno municipal quérese promover a ampliación da Casa da Cultura de Bandeira, ós efectos de dotar a esta instalación de maior espazo para novas dependencias, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

1.- Solicitar á Dirección Xeral de Creación e Difusión Cultural, pertencente á Consellería de Cultura e Deporte, a concesión ó Concello de Silleda de axuda económica para a realización das obras de ampliación do auditorio Manuel Dopazo de Bandeira.

2.- Remitir, a estes efectos, a Dirección Xeral de Creación e Difusión Cultural a

documentación relativa a devandita obra.

4.6.- Programa de Cooperación con Entidades Locais para o ano 2007.

Dase conta da Orde do 19 de decembro de 2.007 pola que se regulan as axudas e subvencións para o Fomento de Emprego das Entidades Locais a través de Programas de Cooperación da Consellería de Traballo, solicitando este Concello á mencionada Consellería unha subvención para levar a cabo o seguinte programa:

Denominación do equipo	APORTACIÓN □□□		TOTAL □□□
	Concello	Xunta	
Grupo Municipal de Intervención Rápida	18.116,73	176.703,12	194.819,85
TOTAL APORTACION	18.116,73	176.703,12	

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade acorda prestar aprobación a esta solicitude así como ós gastos aproximados da mesma.

5º.- URBANISMO.-

5.1.- Actividades Clasificadas

5.1.1.- Licencia Nº 2437/06.Visto o expediente instruído a instancia de Dª MARIA JOSÉ COSTOYA FILLOY, solicitando Licencia para construción dun almacén de maquinaria para explotacións de gando vacún e porcino, a situar na finca nº 555, polígono 5, do plano de concentración parcelaria de Graba, nas proximidades do lugar de Arcos, parroquia de Graba (Silleda).

RESULTANDO: Que admitido a trámite, procedeuse a realizar información pública co resultado que consta, incorporando os preceptivos informes técnicos e da Corporación Municipal.

RESULTANDO: Que elevado á Comisión Provincial de Medio Ambiente, este Organismo, con data 17 de decembro de 2007, (Rexistro de Entrada nº 199, de data 14 de xaneiro de 2008) informa en sentido favorable, calificando dita actividade como Molesta, Insalubre e Nociva, CD. 012.42-012.43, e dende o punto de vista ambiental, condicionase a súa instalación ó cumprimento dos seguintes requisitos:

- a) O cumprimento das Medidas Correctoras propostas en planos e memoria.
- b) A que o emprazamento sexa o sinalado no proxecto.
- c) Ó cumprimento das distancias mínimas segundo proxecto.
- d) Previo ao outorgamento da licenza de actividade estarán en posesión do informe favorable do Xefe local de sanidade. A fosa será estanca, en ningún momento poderán existir vertidos directos ou indirectos ao medio natural. Os residuos que se xeren durante a actividade, se xestionarán con xestores autorizados, coa periodicidade que requira o correcto

mantemento da instalación, atendendo a súa tipoloxía. A auga de abastecemento procedente do pozo, contará cun sistema de cloración permanente que garanta a potabilidade de auga de consumo ademais haberá de proceder a súa inscrición perante o organismo Augas de Galicia.

RESULTANDO: Que elevado á Dirección Xeral de Urbanismo, este Organismo, con data 10 de maio de 2007 (Rexistro de Entrada nº 2238, de data 24 de maio de 2007), concede autorización previa á concesión de licenzia municipal, sinalando que, dacordo con disposto no artigo 42.1e) da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, polo solicitante farase constar no rexistro da propiedade, a vinculación da total superficie real do predio á construción e uso autorizados, expresando a indivisibilidade e as concretas limitacións ao uso e edificabilidade que a continuación se relacionan, debendo remitir ao Servizo de Urbanismo e Inspección Territorial de Pontevedra, antes do inicio das obras e implantación do uso, certificación do Rexistro da propiedade na que consten os seguintes extremos:

- titular do predio: MANUEL COSTOYA LÓPEZ, MARÍA LÓPEZ FONDEVILA
- superficie do predio: 48.900 m².
- referencia catastral: Polígono 128, parcela 765, paraxe “Os puzos”
36052A128007650000RX
- uso autorizado: almacén agrícola
- superficie edificable: 298,89 m²
- ocupación: 3,61%
- altura máxima: 5,90 m
- distancia a linderos: 61,40 m

RESULTANDO: Que o lugar de emprazamento non está en contradición coas Ordenanzas e acordos municipais sobre o particular.

CONSIDERANDO: Que na tramitación deste expediente observáronse as prescricións legais.

Esta Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda a concesión da **licenzia de obra solicitada, e a licenzia provisional de actividade**, CONDICIONADA esta última ó cumprimento das observacións e medidas correctoras que, no seu informe, sinala a Comisión Provincial de Medio Ambiente e Dirección Xeral de Urbanismo, non podendo començar a exercerse a mencionada actividade ata tanto non se conceda a licenzia definitiva de actividade, para o que será indispensable que se teña levantado acta de comprobación, que o interesado deberá solicitar a este Concello, a cal terá que ser favorable, achegando á petición certificado do técnico director das obras ou instalacións no que se especifique a conformidade das mesmas cos términos desta licenzia; debendo ingresarse, previamente, nas arcas municipais a cantidade a que ascendan as taxas regulamentarias, según liquidación que practicará a Intervención municipal.

5.2.- Escrito de Dº Manuel Lugo Gómez, Rexistro de Entrada nº 8076, de data 28 de decembro de 2007, solicitando devolución do aval constituido con motivo da licenzia de obra menor concedida por esta Xunta de Goberno Local na súa sesión do 26 de outubro de 2007, para apertura de zanxa (1.500 m) e colocación de tubería para canalización de augas, nunha

parte do monte denominado A Fenteira, parroquia de Cira.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda acceder ó solicitado.

5.3.- Visto que por resolución de alcaldía, de data 4 de xullo de 2.007, acordouse iniciar o procedemento de execución da sentenza nº 1225/2000 dictada pola sala do contencioso-administrativo do TSX de Galicia en data 27 de xullo de 2.000.

Visto que no fallo da citada sentenza se declara que debe procederse á demolición do edificio litixioso no necesario para que a súa altura non exceda de 15,80 metros e a planta de soto destinada a garaxe cumpla as prescipcións do PXOM .

Visto que en data 2 de novembro de 2.007, pola Xunta de Goberno Local, acordouse requirir a D. Luis Moreira Matos, a Dona Esther Moreira Matos e a D. Antonio José Calveiro Alcobre, como propietarios dos baixos e da última planta do edificio sito no lugar de Bandeira, entre a rúa Xeral e o Calexo da Empanada, afectado pola sentenza nº 1225/2000 dictada pola Sala do Contencioso-Administrativo do TSX de Galicia, en data 27 de xullo de 2.000 para que dentro do prazo de un mes, presenten neste Concello os correspondentes proxectos de demolición do edificio en 36 cm de altura e de legalización da planta soto para garaxe e soliciten as correspondente licencias municipais.

Visto o escrito presentado por Don Luis Moreira Matos, Dona Esther Moreira Matos e Don Antonio Calveiro Alcobre en data 15 de xaneiro de 2.008, polo que poñen en coñecemento deste Concello a existencia de outros propietarios afectados pola citada sentenza.

Visto que segundo criterio técnico, a demolición do edificio en 36 cm. de altura afectará non só os propietarios do baixo-cuberta do edificio antes citados senón tamén os propietarios da cuarta planta do mesmo, sendo éstos a empresa BUBAL S.L., propietario do ala dereita e o matrimonio formado por D. Enrique Fueuelos Magariños e Dona Elisa Sampayo Ríos propietarios do piso cuarto do ala esquerda, polo que deberán ser requeridos para que presenten o correspondente proxecto de demolición.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade, acorda:

1.- Requerir a BUBAL S.L., a D. Enrique Fueuelos Magariños e a Dona Elisa Sampayo Ríos, como propietarios ca cuarta planta do edificio sito no lugar de Bandeira, entre a rúa Xeral e o Calexo da Empanada, afectado pola sentenza nº 1225/2000 dictada pola Sala do Contencioso-Administrativo do TSX de Galicia, en data 27 de xullo de 2.000 para que dentro do prazo de un mes, presenten neste Concello os correspondentes proxectos de demolición do edificio en 36 cm de altura, para que a súa altura non exceda de 15,80 metros e soliciten as correspondente licencias municipais.

Se transcorrido o prazo de un mes desde o requirimento os interesados non solicitasen a oportuna licencia, acordarase a contratación do proxecto e a realización das obras de demolición e legalización pola Administración, con carácter subsidiario, previo aperebimento e a costa dos interesados.

2.- Notificar este Acordo ós interesados indicando os oportunos recursos administrativos.

6º.- INTERVENCIÓN.-

6.1.- Visto o informe emitido pola Intervención do Concello, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda prestar aprobación á facturas nº 1, de data 08.01.08 da Comunidade de Propietarios do Edificio Olaia, polo importe de 300,56 □□□

ROGOS E PREGUNTAS

Non houbo intervencións

E non habendo máis asuntos que tratar, polo Sr. Presidente levántase a sesión as catorce horas e cuarenta e cinco minutos, extendéndose a presente acta, do que como Secretaria, dou fe.

A ALCALDESA,

A SECRETARIA,